

NOTA DE PRENSA

BESTEIRO RESPALDA A GATO COMO "O ALCALDE QUE TRANSFORMOU MONTERROSO E O EXEMPLO DA COMARCA DA ULLOA"

O secretario xeral do PsdeG resalta "os servizos públicos á altura dunha cidade" que logrou implantar en Monterroso, sendo ademais "o concello con mellor xestión e menos débeda de toda a comarca"

Monterroso, 17 de maio de 2015. O secretario xeral do PsdeG, José Ramón Gómez Besteiro, participou esta noite en nun mitin no que respaldou a Antonio Gato como "o alcalde que transformou Monterroso" e que puxo "os servizos públicos para os cidadáns á altura dunha cidade" despois de 16 anos de continuo crecemento. "É o exemplo da comarca da Ulloa", afirmou o líder dos socialistas galegos.

Besteiro resaltou que Monterroso "é o concello con mellor xestión e menos débeda de toda a comarca", en contra do que sucede cos gobernos do PP, e chamou a que os veciños e veciñas lle dean o seu respaldo "porque xa nos coñecen e saben que poden confiar no goberno socialista" para continuar cun proxecto que desde a solvencia económica quere "crear emprego e seguir aumentando os servizos públicos".

Pola súa banda, o secretario provincial, Juan Carlos González Santín, sinalou a Gato como "o mellor alcalde que tivo Monterroso en toda a súa historia, un político de altura, que cando pide, pide para os seus veciños e que, por riba de todo, está Monterroso, Monterroso e Monterroso". Deste xeito, destacou o "enorme desenvolvemento" que o municipio experimentou nos últimos anos cun goberno progresista. "Isto é indiscutible, tanto que lidera a vida municipal da comarca da Ulloa", remarcou Santín.

O alcaldable pediu aos cidadáns que confíen na experiencia e na candidatura que encabeza, pois xa demostrou que conseguiu recursos, realizou grandes proxectos e creou emprego.

A este respecto, Gato Soengas explicou que os principais eixos programáticos do seu proxecto de goberno son: seguir creando oportunidades laborais, a través da ampliación das prestacións públicas municipais; reforzo dos servizos sociais, facilitando o acceso aos mesmos coa redución de taxas e garantindo a Axuda no Fogar ou ampliando o servizo de comida a domicilio; baixada de impostos como o IBI; impulso ao deporte; apoio ao comercio e á hostalería, coa posta en marcha dun Plan de Modernización e Promoción dos establecementos; potenciación do tecido empresarial e do sector agrogandeiro, a través do movemento cooperativo; e máis transparencia na xestión, creando

un Buzón de Suxestións e un Taboleiro de Transparencia para que os cidadáns trasladen as súas inquedanzas.

Comunicación PSdeG-PSOE

